

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co Estatuto Marco do persoal estatutario, cal dos seguintes non é un nomeamento de persoal estatutario temporal?

- A) O nomeamento de carácter eventual.
- B) O nomeamento de prácticas sanitarias.
- C) O nomeamento de interinidade.
- D) O nomeamento de substitución.

2. Cal dos seguintes é un órgano colexiado das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada?

- A) A Comisión de Dirección.
- B) A Comisión de ética asistencial.
- C) A Xunta de adxudicación de contratos.
- D) O Xerente executivo.

3. De acordo coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, dende a presentación dunha solicitude de inscrición dun ficheiro sen que a Axencia española de protección de datos resolverse sobre a mesma, é certo que:

- A) Transcorrido un mes, entenderase inscrito a todos os efectos.
- B) Transcorridos dous meses, entenderase que o ficheiro non quedou inscrito.
- C) Transcorrido un mes, entenderase que o ficheiro non quedou inscrito.
- D) Transcorridos dous meses, entenderase inscrito a todos os efectos.

4. En cal destes supostos se poderá outorgar o Consentimento Informado por substitución?

- A) Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións.
- B) Cando o paciente sexa un incapacitado legal.
- C) Cando o paciente sexa menor de idade e incapaz de comprender intelectual e/ou emocionalmente o alcance da intervención.
- D) En todos os casos anteriores, entre outros.

5. De acordo coa Constitución Española, a quen compete a organización e tutela da saúde pública?

- A) Aos xuíces e tribunais, con carácter exclusivo.
- B) Aos organismos internacionais relacionados coa saúde.
- C) Aos poderes públicos.
- D) Ás organizacións sindicais.

6. A Lei de prevención de riscos laborais define o "risco laboral" como a posibilidade de que un traballador...:

- A) Sufra un accidente laboral no traballo.
- B) Sufra unha lesión corporal no traballo.
- C) Sufra un determinado dano derivado do traballo.
- D) Sufra un incidente no traballo.

7. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das administracións públicas estarán orientadas a...:

- A) A promoción da saúde.
- B) Promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- C) Promover o interese individual, familiar e social pola saúde mediante a adecuada educación sanitaria da poboación.
- D) Todas as anteriores, entre outras.

8. De acordo co Decreto de provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde, cal dos seguintes non é un suposto de mobilidade do persoal estatutario?

- A) A mobilidade por razón de protección á maternidad.
- B) A mobilidade por razón de saúde.
- C) A mobilidade por razón do servizo.
- D) A mobilidade por razón de causa penal.

9. De acordo co Estatuto Marco do persoal estatutario, en que situación se atopa o persoal estatutario fixo que estea nunha incapacidade temporal?

- A) Servizos especiais.
- B) Servizos de xestión clínica.
- C) Excedencia forzosa.
- D) Servizo activo.

10. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, cal é a circunscrición electoral para o Parlamento de Galicia?

- A) A Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Os municipios e provincias.
- C) As provincias.
- D) As parroquias.

Preguntas de reserva

1. De acordo coa Lei galega 3/2001, a Historia Clínica deberá incluír, polo menos...:

- A) O documento asinado de alta voluntaria.
- B) Os datos suficientes para a identificación do paciente.
- C) Os datos relativos ao proceso.
- D) Todos os anteriores, entre outros.

2. De acordo co Decreto de provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde, cantos membros deben formar parte do Tribunal de selección?

- A) Un número par non inferior a seis.
- B) Un número par non inferior a catro.
- C) Un número impar non inferior a tres.
- D) Un número impar non inferior a cinco.